

## SERVIZO DE RECURSOS HUMANOS

## Anuncio

**PUBLICACIÓN DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DE DATA 9 DE AGOSTO DE 2019 POLO QUE SE APROBA A CONVOCATORIA QUE REXERÁ O PROCESO SELECTIVO PARA AMPLIAR A VIXENTE LISTAXE DE EMPREGO TEMPORAL DE ATS.**

*“Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:*

*“Visto que a incorporación dun ATS polo período de 2 meses dende xullo a setembro, realizada dende a Sección de Benestar Social e Igualdade con data 1 de xullo de 2019, motivada pola necesidade inaprazable de atender aos centros de atención a Persoas Maiores de Trabada, Pol e Ribadeo debido aos ingresos previstos para ditos meses non puido realizarse polo rexeitamento dos tres aspirantes que figuran dispoñibles na listaxe de emprego temporal aprobada por Resolución da Presidencia de data 28 de marzo de 2019.*

*Vista que con data 31 de xullo de 2019 se reitera dende á Sección de Benestar Social e Igualdade a necesidade de dispoñer de efectivos na listaxe de emprego temporal de ATS para dar cobertura as necesidades do “Programa de prestación compartida de servizos no Centro de atención a persoas maiores, no marco dunha relación interadministrativa de cooperación” e poder realizar novos chamamentos.*

*Considerando a necesidade de contar cunha listaxe para incorporacións temporais de ATS, para poder xestionar axilmente a incorporación de efectivos deste tipo de titulación cando sexa precisa e estea xustificada a súa incorporación conforme ás esixencias da normativa vixente, en particular as referidas no artigo 19. Dous da Lei 6/2018, de 3 de xullo, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2018, prorrogado para o ano 2019, en uso das facultades que lle confire á Xunta de Goberno a normativa legal e regulamentaria aplicable, proponse a Xunta de Goberno a adaptación do seguinte acordo:*

**1º.- Convocar un novo proceso selectivo de ATS para constituír/incluír na listaxe de ATS, mediante o sistema de concurso-oposición.**

**2º.- Que as bases que rexan a convocatoria sexan as seguintes:**

*Bases xerais aprobadas por acordo da Xunta de Goberno na súa sesión do día 4 de decembro de 2015, publicadas no BOP número 289 de data 17 de decembro de 2015.*

*Bases específicas, aprobadas por acordo da Xunta de Goberno de 16 de novembro de 2018, publicadas no BOP 269 de 23 de novembro de 2018.*

**3º.- Convocar publicamente a quen desexe participar nestas probas selectivas.**

**4º.- Ordenar que se realicen cantos trámites sexan necesarios para desenvolver este procedemento selectivo”.**

*A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.”*

O que se da publicidade en cumprimento do art. 45 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedementos Administrativo Común das Administracións Públicas, coa indicación de que o presente acordo pon fin a vía administrativa polo que conta este cabe interpoñer potestativamente recurso de reposición ante a Xunta de Goberno no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación do presente Acordo ou recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses e na forma prevista na lexislación reguladora da devandita xurisdición, sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro que estime procedente.

Pazo Provincial, 16 de agosto de 2019.- A SECRETARIA XERAL, P.S. O SECRETARIO-INTERVENTOR, Manuel Castiñeira Castiñeira.

R. 2556

O presente documento estará  
exposto no Taboero de  
Anuncios desta Deputación  
desde o día 21/8/2019  
ata a día 4/9/2019  
O XEFE DA UNIDADE  
PORTERÍA E VIXIANCIA